

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO	ANUALIDADE
AXUDAS PARA O FORTALECIMENTO DOS CENTROS DE XERACIÓN DE COÑECEMENTO	IN607E / 2020	SOLICITUDE LIBRAMENTO	<input type="checkbox"/>

D/Dña con NIF en nome e representación da entidade con NIF , beneficiaria dunha subvención con código de expediente **IN607E 2020/** concedida ao abeiro da Resolución do 9 de setembro de 2020 da directora da Axencia Galega de Innovación (DOG núm. 189, do 17 de setembro de 2020).

PRESENTA para a xustificación dos custes subvencionables a seguinte documentación xustificativa (recollidas no Art. 25 das bases das convocatorias):

1. CIENTÍFICO- TÉCNICA

- Informe científico-técnico normalizado, segundo o modelo dispoñible na páxina web da GAIN (<http://gain.xunta.gal>).
- Fotos en cor dos equipamentos/infraestruturas adquiridos.
- Memoria libre sobre a execución e evolución das actividades desenvolvidas. Deberá incluírse, de forma expresa, mediante fotografías ou calquera outro soporte probatorio, a xustificación das normas de publicidade previstas no artigo 24 da convocatoria, de conformidade co Regulamento (UE) nº 1303/2013 e no Regulamento de execución (UE) nº 821/2014.

2. ECONÓMICA

- Declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade, de todas as administracións públicas, segundo o modelo dispoñible na páxina web da GAIN (<http://gain.xunta.gal>). **(modelo 2)**.
- De ser o caso, copia da resolución/s de concesión doutras axudas para a mesma finalidade.
- Certificados acreditativos, que deberán estar en vigor, de estar ao día nas seguintes obrigas: coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social e coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no caso de que o solicitante denegue expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia.
- Non obstante, aquelas entidades comprendidas no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que desenvolve a Lei de subvencións de Galicia, poderán presentar unha declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente ningunha outra débeda coa Administración pública de Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resumo da execución económica asinado polo/a representante legal do centro, segundo o modelo dispoñible na páxina web da GAIN (<http://gain.xunta.gal>), xunto co documento en soporte informático editable. **(modelo 1)**
- Xustificantes do investimento: documentos acreditativos dos gastos consistentes en facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.
- Xustificantes de pagamento: copia de transferencias, certificacións ou extractos bancarios, ou documentos obtidos a través da banca electrónica. Nestes documentos estará claramente a entidade receptora e emisora do pagamento, o nº de factura e o importe total satisfeito (incluído IVE), e o concepto do ben. No caso de que non se faga referencia ás facturas, deberá achegarse documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto e pagamento. No caso en que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas, xuntarase dunha relación detallada delas en que se poida apreciar que o pagamento se corresponde coas devanditas facturas. Para as facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto de infraestrutura financiado, será necesario achegar o corresponde extracto bancario acompañado da orde de pagamento da empresa selada polo banco coa relación detallada das facturas.
- No caso de que o IVE supoña un custo real soportado, poderá ser considerado un gasto subvencionable. Neste caso presentar un certificado relativo á situación da entidade co respecto ao IVE.
- Declaración asinada polo/a representante legal do centro, na que se detallan os ingresos e gastos repartidos entre actividades económicas e non económicas da infraestrutura financiado.
- Declaración asinada polo/a representante legal do centro, da obriga de manter un sistema de contabilidade separada para a xustificación da subvención do proxecto de infraestrutura.
- Declaración asinada polo/a representante legal do centro, da autenticidade da documentación xustificativa do investimento e do seu pagamento, cando non sexa posible a presentación de copia auténtica electrónica dos documentos.

SOLICITA:

Que se proceda ao libramento da subvención concedida.

En a de de

Asdo.: